

XORNADAS SOBRE A INTERNET DESDE A PERSPECTIVA ADMINISTRATIVA E XURÍDICA

(A Coruña, 13 e 14 de decembro de 2000)

María del Carmen Silva López

Avogada

A Internet é sen dúbida o fenómeno do noso tempo, pero é un fenómeno cunha introducción que hai que impulsar nas administracións e organismos públicos. Tanto a Comisión europea coma o Goberno español comparten a idea de que as administracións públicas deben representa-lo papel de avanzada da aplicación das técnicas telemáticas, e a Comunidade Autónoma galega é unha das mellores mostras de que isto é posible. Pero sempre pode facerse máis; o enriquecemento dos funcionarios na «cultura Internet» contribuirá a mellora-la aplicación dos sistemas xa existentes. A crear outros novos, e a articular mellor uns e outros.

Dos múltiples modos posibles de enfoca-la Internet, a perspectiva xurídico-administrativa parece especialmente adecuada para unha escola de formación de funcionarios, tanto pola formación de base dos destinatarios das xornadas, canto por ser unha das menos tratadas nos traballos e publicacións que se ocupan da Internet.

Nestes intres, en que estamos a finaliza-lo derradeiro ano do século XX, parece necesario mirar cara adiante, cara ó século XXI; calquera que así o faga, tropezarán necesariamente coa Internet. A rede de redes faise cada vez máis útil. As administracións comezaron a renovarse con méto-

dos tecnolóxicos, pero as dúbidas acumúlanse: ¿é suficiente cunha notificación por correo electrónico?, ¿como garanti-la intimidade dos datos en medios electrónicos, etc.?

Mais esta visión non se pecha ou limita ó campo simplemente administrativo, senón que se estende a outros eidos, de índole xurídica xeral, no que o fenómeno da Internet, e da informática nun sentido máis amplo, está a xogar un moi importante papel nos nosos días.

A Escola Galega de Administración Pública xunto coa Consellería de Presidencia e Administración Pública, o Colexio Notarial da Coruña e a Revista do Dereito das Telecomunicacións e Infraestructuras en Rede (REDETI) organizaron conxuntamente estas xornadas que se desenvolveron no salón de actos do Ilustre Colexio Notarial da Coruña, ó longo dos días 13 e 14 de decembro de 2000. A súa finalidade principal era dar a coñecer un pouco máis este complexo mundo da Internet, a Internet, e examina-la compatibilidade entre as novas tecnoloxías informáticas e o respecto á defensa da intimidade e ós dereitos persoais e a súa repercusión tanto no mundo xurídico coma administrativo. As xornadas contaron cunha nutrida asistencia de máis de duascentas persoas. Durante os dous días, destacados xuristas galegos e españois expresaron as súas posturas sobre esta importante materia, cunha gran transcendencia na actualidade.

Estas xornadas foron inauguradas polo director da EGAP, Domingo Bello Janeiro, quen resaltou a falta de medidas de seguridade xurídica na Internet e manifestou que as normas que establece a Unión Europea adoitan ser, pola necesidade de consenso, normas descafeinadas que non se aplican noutros países do mundo. Advertiu da necesidade, ante o crecemento do comercio electrónico, de aclarar-la xurisdicción dos tribunais nacionais ante as denuncias relativas a operacións efectuadas na Internet, con independencia do país onde teña a sede a empresa demandada.

Domingo Bello fíxolle un chamamento ó Goberno para que promulgue unha lei que ordene o sector da Internet e actúe no plano xurídico da rede coa elaboración dun plan estratéxico para o desenvolvemento da chamada sociedade da información, do mesmo xeito que se fixo en países como Alemaña, Dinamarca ou Francia.

No acto inaugural interveu tamén Francisco J. Alegría Martínez de Píñillos, presidente do consello de administración da Revista do Desenvolvemento das Telecomunicacións e Infraestructuras na Internet. Para Alegría, a Internet supuxo, no século XX, a *segunda gran revolución*, despois da industrial do século XVIII. O problema desta *gran revolución tecnolóxica* é que os cambios se producen a tal velocidade *que obriga un es-*

forzo importante na asimilación. A desconfianza na rede non debe ser maior cá que se xera pola utilización doutro tipo de instrumentos. Non lle parece coherente que mentres se efectúen millonarias transaccións financeiras, baseadas na confianza, se desconfíe das que poida realizar, por unha mínima cantidade, un particular.

A conferencia inaugural correu a cargo do conselleiro da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, Reinaldo Rodríguez Illera, quen falou das telecomunicacións na era da Internet, recoñecendo que *é difícil chegar á protección total da rede, porque é aberta.* Afirmou que o risco non é distinto ó que se produce noutras actividades pero *que ese déficit na seguridade é asumible ante os beneficios que xera a rede.*

Empezou dicindo que o fenómeno da Internet «a Internet», non se sabe se é masculino ou feminino, ó ser un xénero tan recente, aínda que supera as vellas diferencias do xénero.

A Internet naceu como parte das telecomunicacións, e vaise converter no sector das telecomunicacións. A Internet é un «virus» que está practicamente a entrar no núcleo das telecomunicacións e transformándoas. É un fenómeno de transformación tecnolóxico, social e económico de primeira magnitude.

Seguidamente falou o relator do impacto e a relación da Internet coas telecomunicacións: a Internet apareceu coma un fenómeno típico do que chamabámo-lo sector das tecnoloxías da información, o sector da informática, o sector software e canalizou as telecomunicacións. Agora mesmo todo o sector das telecomunicacións está traballando por e para o desenvolvemento tanto no ámbito de mercado coma no tecnolóxico da Internet, co obxectivo de converte-la Internet nun medio de comunicación, de telecomunicación, de intercambio de ideas, de intercambios económicos. Pode chegar a desenvolver un medio de comunicación propio. Relacionado coa Internet está a se desenvolver unha linguaxe nova, que nada ten que ver coa linguaxe normal.

Desde o punto de vista das telecomunicacións, ¿cal é o impacto que tivo a Internet? A Internet está facéndolle perder valor á actividade normal de telecomunicación. O desenvolvemento normal das telecomunicacións, estableceu mecanismos que permitiran intercambiar comunicacións persoa a persoa, persoa a grupo, e incluso a recollida de información; cada unha caracterizada por unha tecnoloxía, cada unha organizada en mercados adxuntos e con vida propia. Tiñamos tradicionalmente o sector da telefonía, actividade baseada no intercambio de información entre persoas onde o valor engadido, o principal núcleo da actividade de servizos, que era da telefonía, non tiña que ver co contido, tiña que ver coa capacidade de poñer a dúas persoas en comunicación. O que se dicía poñíano elas, non tiña valor de mercado, non se vendía. O único que formaba parte era a capacidade de intercomunicar, é dicir, no momento en que se establecía a

comunicación, o que se dicía desde o punto de vista das telecomunicacións non tiña valor ningún. Non se entraba no contido das mensaxes.

Noutras actividades, como eran os medios de comunicación social que utilizaban redes de telecomunicación, como pode se-lo sector audiovisual, relacionado coa radio, coa televisión, onde o contido é a base do negocio, sen embargo, non eran unha base do negocio de telecomunicación as actividades de televisión e radio, que teñen como base principal a distribución dos contidos, na práctica non eran actividades de telecomunicación, nin o son. Utilizan as telecomunicacións, as redes para transmitir e como medio de difundir unha mensaxe, pero non cobraban por esa mensaxe. Mais empezaron a cobrar hai pouco tempo, cando apareceron as televisións de pagamento.

Realmente a actividade máis concreta de telecomunicación era unha actividade basicamente tecnolóxica, non se lle cobraba ó que recibía o servizo de contido, non se cobraba de feito polos contidos. Non pagaba polo feito de recibir eses sinais, financiábanse por outros mercados adxacentes e colaterais, como podían se-lo mercado da publicidade, e só nos últimos cinco ou seis anos, cando a tecnoloxía o permitiu, aparece dentro dunha actividade de telecomunicación unha valoración económica directa dos contidos que son pagados polos que os reciben, polos usuarios.

Os axentes que desenvolveron toda a súa potencialidade económica e que teñen unha situación de mercado comfortable, atópanse con que de repente o núcleo de tódalas súas actividades perde valor, e ese valor trasládase a outras actividades, é dicir, os servizos de telecomunicación teñen que empezar a pensar en que se queren sobrevivir a esta evolución tecnolóxica, teñen que encamiñarse cara ós servizos de información, cara ó contido.

Así o contido comeza a transforma-lo propio sector de telecomunicacións. E, o que non teña unha capacidade de xerar contidos, de modificalos, adaptalos ou empaquetalos, resulta que vai quedando fóra do mercado, porque a actividade sobre a que baseaban o seu antigo potencial económico e o seu antigo beneficio, é unha actividade que se vai abaratando, como consecuencia do desenvolvemento tecnolóxico e tamén pola propia competencia que se xera, e que fai que esas reducións de custo se manifesten no prezo dos produtos.

Nesa circunstancia e a pesar do valor que ten a Internet nesta revolución, hai outro aspecto importante no desenvolvemento das telecomunicacións, referiuse o relator á aparición da mobilidade.

A tecnoloxía que pon a disposición do ser humano, a capacidade de comunicarse, en calquera sitio, en calquera momento, ten unha maridaxe coa capacidade de estandarización, e utilizar un substrato común para intercambiar información e para acceder ós contidos da información, incluso para crealos, ten unha maridaxe na cal a suma das partes é

superior a cada unha das partes, referiuse principalmente ó fenómeno das comunicacións móbiles, que está a casar e casou coa Internet.

De feito é un dinamizador, incluso da nosa evolución social, porque está creando unha nova forma de vivir, de traballar, de realizar actividades económicas e probablemente incluso, nova forma de expresarnos. Este fenómeno da comunicación móbil acelera todo este proceso da perda de valor dos principais mercados de telecomunicacións.

As grandes redes sobre as que se xerou o desenvolvemento da Internet, son basicamente as redes telefónicas. É a única rede con capilaridade total, con penetración total que chega practicamente a tódolos fogares e a tódalas empresas, e é o substrato sobre o cal se pode desenvolver calquera actividade de telecomunicación.

De feito xa se notou a evolución progresiva, ano a ano, como o mercado da voz sobre comunicacións móbiles vai arrancándolle valor engadido, tráfico, ingresos ó mercado fixo, poñéndoo nun problema de futuro. Neste momento da igualdade de prezos, calquera persoa utiliza con preferencia un sistema de comunicación que é persoal, que o leva sempre encima e que lle permite recibir e enviar chamadas, é dicir, comunicarse en calquera momento, en calquera lugar con preferencia a outra tecnoloxía que o obriga a ir a outro sitio determinado para poder facelo.

Indubidablemente segue a haber claras vantaxes sobre a telefonía fixa que é o prezo. Pero en telecomunicacións os prezos dependen basicamente das cantidades, do tráfico. Unha rede que se utiliza dez veces máis consegue abaratar en gran proporción o seu uso, porque o custo é fixo e repártese entre a cantidade do uso, canto máis se usa, a unidade de uso baixa de prezo. Todo isto significa que hai unha tendencia clara que vai levar a que o principal medio de telecomunicación interpersoa se vaia das redes fixas ás móbiles.

Mais a aparición e o desenvolvemento da Internet é a única táboa de salvación que teñen tódalas empresas, tódalas redes fixas para poder ter un futuro, porque é o único campo no que unha rede fixa pode competir cunha rede móbil, non na ubicuidade, nin na mobilidade pero si na capacidade. As redes fixas teñen potencial para incrementa-la súa capacidade a custos razoables, moito máis fortes cás redes radioeléctricas, ou a tecnoloxía radioeléctrica, tecnoloxía que se apoia nas redes móbiles.

Polo tanto, o sector das telecomunicacións fixas vai ter interese en potenciar e desenvolve-la Internet, sobre a base da maior capacidade, o que se chama no argot tecnolóxico, maior ancho de banda.

Practicamente, nos últimos catro anos apareceron tecnoloxías chamadas XDSL, que é o acrónimo inglés de Acceso Dixital Así métrico ou Simétrico ó abonado, que en dous ou tres anos estableceron capacidades que poderán chegar ata os 8 millóns de bits por segundo sobre o par de cobre.

Así, como xa dixo o relator, hai un interese moi claro por parte de todo o sector das telecomunicacións en potencia-la Internet, porque a consideran como a salvación das redes fixas.

Por outra parte, rede de acceso só hai unha, é a rede de acceso da telefonía fixa, que está evolucionando para poder utilizarse de forma máis universal. Hai outras redes de acceso que están a aparecer: as redes móbiles que teñen unha certa limitación en canto á súa capacidade. Estase intentando duplicar en algúns sitios as redes de acceso por vía das actividades dos operadores de cable. En calquera caso, aínda e durante moito tempo, as redes de acceso van ser un «colo de botella», no cal se pode dicir que vai haber unha oferta xeneralizada como pode haber noutros segmentos.

Polo tanto, para que se poidan desenvolve-las actividades que están sobre esa infraestrutura básica, esas redes de acceso, que se teñen que transformar se queren sobrevivir no futuro, van ter que recadar moito investimento para permitir poñelas ó día en canto á capacidade. E eso é o que están a facer.

¿De onde van vir eses ingresos? Obviamente dos mercados novos. E este valor engadido, xa se está a desprazar non tanto ó mensaxeiro coma á propia mensaxe, ós contidos. De aí que as empresas invistan en redes de acceso, pero tamén en contidos para consolida-la súa posición do mercado. Existe toda unha armazón de capital, de actividade tecnolóxica, de actividade de mercado que teñen un futuro que descansa sobre o desenvolvemento da Internet. Esto todo desde o lado da oferta.

Desde o lado da demanda, estase a ve-la repercusión que está tendo a Internet no mundo, que xunto ó móbil, son as dúas únicas actividades que case se están a duplicar cada ano. Indubidablemente, non se poden manter estes niveis de crecemento cada ano. Normalmente os crecementsos van diminuíndo a medida que se van alcanzando certos niveis de actuacións e aínda hai barreiras que dificultan o desenvolvemento, como adoita se-lo custo dun PC. Pero xa están a aparecer novos tipos de terminais para o acceso á Internet desde o móbil que pode eliminar este tipo de barreiras.

Por outra banda, falou o relator do tema tan controvertido como é o intento de regulación da Internet, xa que regula-la Internet é moi complicado:

1. Pola propia filosofía do nacemento da Internet, xa que foi deseñada coma unha rede militar, de supervivencia nun espacio de bombardeo nuclear. Isto fixo que a deseñaran da forma que é. É dicir, unha rede baseada na existencia de nós autónomos, de interconexións ou de conexións alternativas, onde o pro-funcionamento baséase na cooperación voluntaria de cada nó, de falta de xerarquía, xa que non depende de ningunha xerarquía. A Internet pode ser destruída nunha parte da

rede e seguirá a funcionar na outra parte. Pódense romper os enlaces nunha zona, e sortearanse por outras. Apagarase nun nó e buscará outro nó para poder completa-la comunicación. A Internet desenvolveuse de forma absolutamente anárquica.

2. Outro problema é a velocidade de evolución. A Internet aparece a finais do ano oitenta, no ano 86, 87 coma unha rede de centros universitarios, construída a partir dunha rede militar. Foi unha cesión da rede Arpanet ós centros universitarios por parte do exército americano que a seguiu subvencionando.

Co desenvolvemento tecnolóxico, esta rede fíxose máis fácil de utilizar por todos. O desenvolvemento da linguaxe HTML, é dicir, do hipertexto; o desenvolvemento do concepto WEB.

3. A Internet non quere deixarse regular, esta é a idea que deixou clara o relator. A Internet basicamente é unha rede ácrata, que está a ser comercializada por grandes empresas.

A poboación da Internet é unha poboación cunhas características moi claras, estase a falar das comunidades virtuais, pero son un feito. Antes falábase do control dos dominios que se baseaban unicamente no enderezo IP. Por moito control que haxa, calquera pode desde un ordenador pedir unha conexión cun enderezo IP e directamente se conecta a un ordenador dun club, que pode ser, por exemplo «a división da mafia siciliana nalgún sitio», que está usando un enderezo IP, pero que non ten ningún número de dominio.

A Internet é bastante complicada neste aspecto. Por eso estase a buscar como resolve-lo problema de preservar os dereitos fundamentais; a protección da imaxe, a protección dos dereitos do propio traballo, contra un medio que se manifesta na súa propia extensión, nas súas propias características como moi renitente a ser regulado.

A continuación, Juan Miguel de la Cuétara Martínez, catedrático de dereito administrativo e director de REDETI, na súa intervención sobre «Problemas e equilibrios da Internet desde a perspectiva xurídico-administrativa» apostou por busca-lo equilibrio entre o intervencionismo e a liberdade para o desenvolvemento do comercio electrónico. Tamén manifestou que lle parece razoable que tanto a Administración pública coma as empresas limiten o uso do correo electrónico dos seus empregados para fins particulares. Engadiu que a medida non é nova porque xa existe a limitación noutros instrumentos, como o teléfono.

O relator baseou a súa exposición en catro puntos:

1. *A xente ante a Internet*

O relator fíxose a seguinte pregunta, ¿como ve a xente a Internet?. Estamos nun momento de transición. A Internet está a cambiar, estámo-

nos adaptando a unha internet comercial que nace dunha internet inicial que non era comercial. Grandes empresas, grandes investidores, boom tecnolóxico, suba das accións das empresas.com na bolsa. Esa é a Internet comercial.

¿Que hai nesta Internet comercial? Hai moita publicidade, porque o propio dunha acción comercial é empezar pola publicidade. Mais, toda esta publicidade non debe impedirmos ver que a Internet segue a se-la que lle deu orixe: un sistema de comunicación de información útil, a calquera hora, a moi baixo prezo.

Este sistema de comunicación, rápido, barato, que alcanza a calquera ordenador do mundo e que lle dá información de tódalas partes, segue existindo dentro desta internet comercial. Se hai moita información e moita xente conectada, moitos intereses, o que acaba é a xente atopándose uns a outros e así fórmanse comunidades virtuais, que son comunidades de intereses de xentes que visitan a mesma páxina WEB, que se preocupan polas mesmas cousas. Todo isto xera ó final valor económico.

A xente está a ver na Internet novas cousas, novos servicios. Cada un de nós escollémo-lo que nos interesa. E esa é a gran vantaxe da Internet. Tendemos a ve-la Internet coma unha unidade, e teremos que vela coma o que é: unha rede de redes, un sistema de unión de redes distintas, nas cales hai moitas persoas, intereses e enlaces. Diversidade, polo tanto. A xente ve e utilizará a Internet como medio para satisfacer os seus propios intereses, por eso as páxinas WEB están agora mesmo tan preocupadas de que o usuario as personalice.

2. A lei ante a Internet

Empezou dicindo o relator que a lei ten que adaptarse á Internet. Hai un gran desafío na regulación da Internet. Pero, ¿por que hai que regular a Internet? ¿E que a lei é a encargada de lles dar forma a tódalas cousas que hai ó noso redor, incluso a Internet? Pois non, esa foi a súa resposta. A lei regula aquelas cousas que son conflictivas socialmente. Mais a lei debe de lles deixar un espacio de liberdade ás persoas para que fagan o que queiran, para facer realidade aquela frase da declaración de independencia americana: «tódolos homes nacen e permanecen libres e iguais en dereito».

A lei non pode invadi-la Internet, xa que a Internet aínda que non o pareza, está moi regulada. Existe o protocolo TCP/IP. E eso si está regulado porque quen non o use non pode estar na Internet. E é unha forma de regulación, e non foi feita pola lei, xa que non existe lei que o poida facer, nin a lei española porque é unha cuestión internacional, nin a lei norteamericana. Igualmente a rede necesita un sistema de enderezos, que tamén están en autorregulación internacional.

A idea que deixou clara o relator na súa exposición foi que a lei ten que deixar unha marxe de liberdade e, cando sexa necesario, se regulen as interaccións que se realicen na Internet, pero só cando sexa necesario.

3. *Os gobernos ante a Internet*

¿Que lle pedimos ou que esperamos que os gobernos fagan na Internet? Sabemos que os gobernos queren desenvolve-la Internet. Ven nela un avance cara á sociedade da información. Deben de axudar a que se estenda de forma igual para todos e que non se forme unha brecha social entre os que teñen acceso á Internet e os que non o teñen. Poden tratar de accelera-lo proceso de extensión destas novas redes, estas novas tecnoloxías. Pero, ¿como o poden facer? Con medidas obrigatorias, coercitivas, o que poderíamos chamar medidas de policía ou con medidas de impulso, de apoio ou de fomento. Claramente a situación actual da Internet leva cara ó fomento. E é o que están a face-los gobernos, tanto o europeo coa súa iniciativa e-Europe, coma o Goberno español con Info XXI. Son basicamente programas de fomento.

Pero, ante todo, os gobernos teñen que entende-la Internet, xa que un dos problemas dos nosos políticos e dos nosos lexisladores é que non entenden a Internet. Os gobernos ante a Internet deben autorrestringirse.

4. *A Administración ante a Internet*

A Administración debe executa-la lei e coñece-lo espírito da lei.

Desde o momento en que os medios tecnolóxicos entraron na Administración, esta ten que se-lo espello do uso das novas tecnoloxías e ser un exemplo da súa utilidade.

A Administración de xustiza tende a ser un pouco máis antiinnovacións, xa que xoga coas liberdades das persoas, tende a ser moi conservadora e non lle gustan demasiado os avances, xa que busca sempre a garantía.

En canto á Administración educativa ten unha especial responsabilidade en lles dar ás xeracións futuras un contacto, unha formación pronta nestas cuestións.

O derradeiro relator da mañá foi o avogado, experto en dereito das telecomunicacións, Javier Cremades García, quen falou das «cuestións legais da Internet» (1ª parte).

Falar da Internet é falar de comercio electrónico. Cando o Departamento de Defensa dos EEUU diseña a posibilidade de que a información vaia a través do proxecto Arpanet por distintas vías, había unha finalidade en principio defensiva, finalidade encamiñada cara ó que era o uso meramente interno da Administración de defensa norteamericana, o Pentágono, e despois salta á universidade, e finalmente á sociedade.

Pero o auxe, a explosión, o investimento masivo de medios vén da

man do comercio eléctrico. A Internet, polo tanto, ou é comercio electrónico ou dificilmente será ese inxenuo universal que permitirá esa comunicación para todos, cun ancho de banda suficiente, cunha capacidade suficiente. Pero ademais, unha das características da Internet é a aceleración tan intensa que proporcionou en diferentes sectores.

Se falamos da Internet como o que todos coñecemos cun ámbito de liberdade, transfronteirizo, onde a comunicación é practicamente instantánea, dámonos conta de que os tradicionais criterios do dereito son dificilmente aplicables, ou como dixo o relator, a Internet non se deixa facilmente dominar polo dereito. E ó mesmo tempo, na medida en que estamos nun ámbito de liberdade, o valor seguridade cobra unha importancia superior á que teñen outros onde a seguridade é máis fácil de garantir. Polo tanto, a maior liberdade, menor seguridade, e o dereito ten o obxectivo de protexe-los bens xurídicos en xogo e de garantir que eses criterios tradicionais tamén se sigan respectando na Internet. E tamén, o dereito debe manter esa vocación de dota-la rede de seguridade xurídica, de estabilidade, en definitiva, de continuidade.

Os elementos tradicionais do dereito, como por exemplo a territorialidade, acaban sendo superados pola propia natureza da Internet.

É curioso como as distintas xurisdiccións van adaptándose e van creando unha xurisprudencia que trata de lle dar resposta ó novo desafío que supón a Internet.

En Europa levamos un certo atraso en canto á penetración da Internet, un certo atraso que se as cousas van ben, podería ser recuperado coa nova tecnoloxía UMTS. A vantaxe europea fronte ós EEUU prodúcese unicamente no sector da telefonía móbil.

Probablemente, o que veremos é que as comunicacións de empresa acaben tendo como principal canle as redes fixas, a seguridade da banda ancha do cable físico de fibra óptica enterrado ou canalizado, en todo caso, e que as comunicacións persoais, o acceso incluso á Internet persoal, acabe sendo principalmente canalizado a través do teléfono móbil, a través das telecomunicacións sen fíos.

En canto ós aspectos xurídicos da Internet, o relator fixo unha visión panorámica sobre o que habitualmente adoita recaer na función dun avogado á hora de analizar un proxecto real da Internet. Cando a un avogado se lle pide que faga algo parecido a unha auditoría legal dun portal que está na rede ou que se vai posicionar na rede, xorden unha serie de puntos que deben ser analizados e tratados e que, dalgunha maneira presentan ese abano de posibilidades nas que o dereito ten algo que dicir, nos que o portal ten tamén algo que facer, en relación coas esixencias xurídicas.

Dentro dese obxectivo de presenta-los diferentes desafíos que a rede presenta, podemos dividir unha serie de grupos:

1. Análise da normativa en materia de protección de datos:

Cando alguén pon un portal na rede o primeiro que se propón é gañar visitas, gañar cibernautas e rexístralos. E eso non é tan fácil. Non é tan sinxelo como recoller datos persoais, senón que hai que verificar qué datos poden ser recollidos, cómo poden ser recollidos, qué hai que comunicarlle ó subscritor, ó visitante, en definitiva ó cliente que se está a mostrar fiel.

Nestes casos, o dereito á intimidade, á privacidade, o dereito á auto-determinación informativa, o dereito a que un decida qué sabe dun mesmo, pode ser ó final vulnerado pola propia tecnoloxía.

2. Propiedade industrial (que será analizada polo miúdo polo profesor Fernández Novoa):

En moitas ocasións hai proxectos que non nacen en España, senón que nacen cunha vocación universal, que requiren unha uniformidade en canto ó nome co que se presentan, en canto ó nome de dominio.

O nome de dominio pode ser accesible ou inaccesible. É accesible cando está dispoñible, se consiga e se reserve. E é inaccesible porque xa está reservado, ou trátase dun nome xenérico que nun principio non se lle concede a ningunha persoa xurídica para que o explote. Existen dous exemplos concretos que xa se solucionaron e que están en marcha:

Primeiro: a primeira compañía mundial en produción mecánica de papel e de prensa escrita, QUEBECOR, unha compañía canadense, que ten o 70% do mercado norteamericano, o 90% do canadense, o 60% do francés, o 30% do español. Unha enorme compañía en bolsa, lanzou un portal na Internet co nome de «canoa.com» no Canadá. ¿Que pasa con este nome? Houbo dificultades de todo tipo: en primeiro lugar os seus contidos íanse xerar nun 80% desde o punto de vista global nun 20% no Canadá; e en segundo lugar, cómo reservar eses nomes en cada unha das distintas xurisdicións. Así, por exemplo en Chile o termo «canoa» non é un termo utilizable xa que ten certa connotación e non se pode utilizar no comercio.

Hai aquí unha dificultade, probablemente no caso chileno estaba dispoñible a palabra, pero non sería de interese de ninguén, entón ¿que se fai neste caso? ¿Como solucionar este problema que non vén desde o punto de vista do dereito, pero si desde o punto de vista da realidade? Ou coma no caso español, onde ese nome é considerado coma un xenérico.

Son problemas que un avogado ten que resolver, sen que ás veces a resolución final estea na súa man.

¿Que se pode facer ou que se fixo nun caso coma este?, pois primeiro intenta-la concesión dun nome especial, que é cando hai unha previsión legal e é cando o goberno entende que se dan unhas circunstancias especiais, no eido comercial, cultural..., pode autorizar que un xenérico

sexa utilizado coma nome especial, e polo tanto se lle conceda esa denominación.

¿Que sucede no caso de Chile? Pois hai quen busca nomes alternativos: «mi canoa», «portacanoa», «canoe» ou abandona-lo nome de «canao».

Segundo: ¿que sucede no campo dos nomes de dominio cando hai un conflito entre marca e nome? Como se sabe, para reservar un nome de dominio fai falta ter ou a denominación social ou a marca. ¿E que sucede cando alguén ten a marca e a denominación social? É un tema que inicialmente era moi conflictivo, porque a reserva inicial foi libre, e calquera podía reserva-los nomes de dominio que pretendese, e finalmente fóronse artellando mecanismos que fixeron que aqueles primeiros lexítimos titulares da denominación social puideran prevalecer ou facer prevalecer ese dereito previo sobre aqueles que sen outro título reservaran o nome de dominio.

Un caso moi concreto deuse hai dous anos: en Miami creouse unha compañía con capital mexicano denominada «Contenidos Digitales de México»; en Miami «Contenidos Digitales de Miami»; en España «Contenidos Digitales del Mediterráneo». É unha compañía multinacional, dunha famosa familia mexicana -familia Cañedo- e que pretende crear unha especie de televisión na Internet, un portal cunha forma distinta de anunciarse. E denomínana ALÓ. Cando chegan a España, resulta que ALÓ é o nome dun operador de telecomunicacións e que tiña reservado o nome «ALÓ.es». ¿Que sucede? É un tema que xuridicamente é moi complicado xa que hai que facer vale-los dereitos do titular da marca, e hai que preitear. Un non pode lanzar unha marca, sen te-la seguridade de te-lo dominio pleno sobre ela.

Debe terse en conta, en canto ós elementos que conveña protexer, a información confidencial, as ideas de negocio, os propios plans de mercadotecnia, as estratexias comerciais.

Fai falta unha protección integral de marcas e nomes de dominio na Internet, en ocasións transfronteiriza, internacional, o cal esixe a mobilización de equipos xurídicos expertos en cada país, cunha xestión complicada en canto a recursos, a documentos apostilados...

Outra forma de protexer todo isto, é mediante o establecemento de pactos de confidencialidade. Xeralmente, cando un ten acceso a un plan de negocio ou a unha idea de proxecto en fase de desenvolvemento ou xa cun certo despegamento no seu proxecto, esíxenselle un pacto de confidencialidade para preserva-lo tráfico de información a terceiros. Pero tamén é certo que non hai ningún control sobre este, case é unha medida preventiva máis ca un seguimento de que realmente a información non acaba indo a outras mans, a outros competidores.

Dentro do que é a avogacía hai unha obriga de lle comunicar, sobre todo ó cliente previo, a posibilidade de representar un novo cliente que

puidera entrar en interese co propio. Así os clientes séntense tranquilos e satisfeitos cando ven que no grupo profesional que os asiste se vai acumulando coñecemento, sempre que haxa unha garantía de que o propio non se vai traspasar, non se lles vai ceder ós competidores.

3. Creación de probas de titularidade, a protección mediante a propiedade intelectual dun lado e a propiedade industrial doutro, e por último a recuperación dun dominio.

4. Debe terse en conta tamén a normativa en materia de publicidade.

En xeral facer contratos na Internet é algo relativamente complicado, xa que non serven os formularios, hai que facer un contrato novo, inventarse un contrato cada vez que ó cliente se lle ocorre facer un posible negocio con alguén.

5. Outro bloque importante é o tema da resolución de conflitos xurisdiccionais en materia de comercio electrónico.

Rematou dicindo o relator que a presenza dos avogados no mundo da Internet é crecente e é moi importante, e cre que estamos a xogar un papel moi importante neso que é a construción da sociedade da información, onde o dereito ten que estar evidentemente presente.

Pola tarde interveu o avogado experto en dereito das telecomunicacións e secretario técnico da REDETI, José María Echevarría Barbero, quen falou das cuestións legais da Internet (2ª parte).

O relator baseou a súa exposición no que el entende como cadea de valor da Internet. E, a partir desa cadea, afondou naquelas barreiras, naqueles «colos de botella» que neste momento saltan á vista. Primeiro fíxose a seguinte pregunta, ¿que é a Internet? A Internet é unha rede de redes. Aínda que, debería ser, desde o seu punto de vista, unha rede de transmisión de datos. É unha infraestrutura, que é o soporte de multitude de servicios e unha fonte inesgotable de coñecementos. É unha rede transparente, global e descentralizada, xa que xurdiu allea a calquera intervencionismo estatal.

Despois foi desenvolvendo cada un dos elos da *cadea de valor da Internet*:

1. *Usuarios* da Internet: que somos practicamente todos. O relator diferenciou dúas clases de usuarios:

a) usuarios residenciais: os usuarios particulares e as pequenas empresas da Internet.

b) usuarios corporativos: aquelas empresas cun maior poder financeiro, con posibilidades de afrontar grandes investimentos na Internet, como as administracións públicas e institucións privadas.

Desde o punto de vista dos usuarios, e segundo o «Estudio xeral de

medios», en España existen ó redor de 4,6 millóns de usuarios, que representan o 13,4% da poboación.

Se temos en conta a distribución xeográfica dos usuarios, vese que existen grandes diferencias entre as comunidades autónomas: a maior densidade de persoas con acceso á Internet reside na Rioxa (21,7% de penetración da Internet nos fogares); seguidamente está Cataluña (18,4%); Navarra (14,4%); Galicia ocupa o antepenúltimo lugar cun 7,6% por diante unicamente de Castela-A Mancha (7,5%) e Extremadura. Non obstante, este número de usuarios é relativo, xa que non se tivo en conta para a súa mediación a poboación. Neste momento, sobre este íter, o da poboación, Cataluña ocupa o primeiro lugar, seguida de Madrid e da Comunidade Valenciana.

Por situa-lo grao de desenvolvemento de España na Internet respecto doutros países da UE, España atópase situada no antepenúltimo lugar en canto a porcentaxes de accesos á Internet desde o fogar, cunha penetración do 10%, cando a media europea xira en torno ó 18%.

Outro dato significativo é que a principal actividade sobre a que vai encamiñada esas conexións é o comercio electrónico. En segundo lugar atópase a busca de material educativo e de formación.

2. Mercado de terminais:

Evidentemente usuarios sen terminais de conexión á Internet son usuarios que non poden ou non teñen as ferramentas necesarias para entrar na Internet. Neste momento, cre que o mercado de terminais é un mercado que constitúe un «colo de botella» cara ó uso xeneralizado da Internet en España. O parque de ordenadores que posúe España é moi inferior á media europea. As administracións públicas e as empresas nos últimos anos fixeron un importante investimento para adecuar estes equipos e facérllelos accesibles ós empregados e ós cidadáns.

¿Cal será o terminal que será globalmente utilizado polos usuarios da Internet? Utilízase fundamentalmente o ordenador. Aínda que existen outras posibilidades. Estamos a observa-lo despegamento da televisión como equipo de conexión á Internet. Estase falando tamén das novas tecnoloxías de móbiles, móbiles de segunda xeración, WAP, GPRS, UMTS.

Polo tanto, entende o relator que o mercado da Internet constitúe unha barreira de entrada. A Administración ten moitas posibilidades de estende-lo uso da Internet, e así o está a facer. A iniciativa Info XXI reflícteo.

3. Conexión á Internet:

A conexión á Internet pódese levar a través de dúas vías ou dúas redes:

- a) rede telefónica conmutada: accesos que utilizan a rede telefónica e o teléfono para marcar e establece-la comunicación entre os terminais.
- b) alugueiro de circuítos para establecer comunicacións permanen-

tes. Os custos son inxentes. Non é unha ferramenta idónea para acceder á Internet para a xeneralidade dos usuarios.

A rede telefónica conmutada si que o é. O par de cobre pode garantir velocidades de ata 56 kbps, é dicir, velocidades bastantes baixas en comparación con outras series de velocidades, que están dando outras tecnoloxías. Pero é que o propio relator nunca lle deu esta velocidade.

Cando falamos da conexión á Internet só contamos con dúas alternativas, porque aínda non contamos con alternativas á rede de acceso de Telefónica. A día de hoxe, a Administración, dada a anchura de banda que está a demanda-la Internet, propúxose dúas solucións alternativas: solucións RDSI e solucións ADSL.

Solucións que o que fan é separa-lo tráfico de voz do de datos xustamente antes de que sexa tratado este tráfico pola central local de conmutación. ¿Que se consegue con esto? Por un lado, que non se colapse a rede de Telefónica, unha rede orientada a comunicacións de voz, e por outro, unha tarifa plana de acceso á Internet. Parece que o Goberno español considerou a apertura do bucle local de Telefónica, do par de cobre, é dicir, a posibilidade de que outros operadores compartan fisicamente o par de cobre con Telefónica («opción de acceso compartido»), ou tamén, a «opción de acceso completo» que significa que calquera operador que o desexe pode chegar á Internet mediante uns prezos que serán previamente fixados e alugarlle a Telefónica un bucle.

4. *Conectividade á Internet:*

A conectividade á Internet pretende separa-lo que é a conexión, aqueles provedores de redes, daqueles que só prestan unha serie de servicios completamente definidos e que non son outros que:

- os que autorizan ou autentican a identidade dos usuarios, é dicir, autentican que aquel cliente que pretende entrar nos seus ordenadores, é cliente seu.
- os que outorgan un enderezo da Internet.

Outra das funcións que realizan os provedores de servicios da Internet é garanti-la conexión ou conectividade de tódolos usuarios que se concentran na Internet. ¿Como se logra esta conectividade? Simplemente interconectándose cunha rede ISP.

5. *Segmento de mercado dos empaquetadores de servicio:*

¿Que é un empaquetador de servicios? É aquela entidade que se encarga de nutrirse de servicios e contidos da rede interna e poñelas a disposición do usuario. O exemplo é o dos portais da Internet. Podemos falar de dous tipos de portais:

- portais horizontais ou portais xeralistas, onde podemos coller todo tipo de información, servicios...

■ portais verticais, centralizados nunha materia, focalizados cara a un determinado usuario da Internet, que pode percibir deles todo tipo de información, servicios,...

A Administración debe e pode xerar un gran portal, un portal que non estea tan disperso pola rede Internet, coma o están agora mesmo as diferentes institucións que a compoñen.

O segundo relatorio da tarde correu a cargo do profesor de dereito administrativo e secretario xeral da Universidade da Laguna, Francisco Hernández González, sobre «A Internet e as tecnoloxías telemáticas na Administración». O relator ocupouse do problema da aplicación das tecnoloxías nas administracións públicas, en concreto ó que atangue á utilidade da Internet nas relacións cos cidadáns e as súas implicacións nos procesos administrativos. Dividiu a súa exposición en dúas partes:

1. obxectivos de mellora e os requisitos técnicos nas accións prioritarias que se deben acometer.
2. consecuencias xurídicas desta utilización.

En canto ós obxectivos que o uso das tecnoloxías lle reporta á actividade administrativa:

a) Mellora-los sistemas de comunicación recíproca polos cidadáns. Refírese non só ós sistemas de comunicación da Administración cara ós cidadáns, senón tamén ós sistemas de comunicación desde os cidadáns cara ás administracións, como son os sistemas de recollida de datos, enquisas, caixas de suxestións ou de reclamacións.

b) Mellora-la calidade das decisións a través de incrementa-la participación dos cidadáns na toma de decisións.

c) Integración dos sistemas de información, xestión das administracións, de forma que se permita non só o acceso libre á información, senón tamén, a posibilidade de enviar impresos e documentos ou a consulta ou o estado de tramitación dos procedementos.

d) Intercambio sistemático de informacións entre administracións públicas, co fin de que os servicios que se prestan sexan máis eficaces, pero tamén co fin de evitar que os cidadáns teñan que lles achegar sucesivamente información ás diferentes administracións, que moitas veces é repetida.

e) Axilización e simplificación procedemental mediante a catalogación de procedementos tipo. A implantación do que se coñece como «portelo único».

Para acadar estes obxectivos, faise necesaria unha serie de accións prioritarias:

a) Crear unha intranet administrativa que integre as diferentes redes departamentais co fin de compartir información e recursos.

b) Crear unha rede multiservicio que soporte voz, datos e imaxes, aberta ós cidadáns e que permita a implantación de servicios avanzados, como son as videoconferencias.

c) Creación dun portal único de acceso á Administración que poña a disposición dos cidadáns un mapa organizativo, a través do cal se poidan realizar trámites administrativos e face-lo seguimento dos procedementos que se tramitan nas administracións.

d) Elaborar unha guía de procedementos, de servicios, de prestacións da Internet a disposición dos cidadáns, con información en tempo real, e a posibilidade de imprimir documentos e a lectura de tarxetas magnéticas ou electrónicas.

e) Instalación de puntos de atención ó cidadán en lugares públicos, de fácil acceso.

f) A instauración ou elaboración dun plan de seguridade que permita achegar suficientes garantías na utilización destas técnicas. E eso a través do desenvolvemento da firma electrónica e a criptografía.

Todas estas accións redundarán na mellora da calidade dos servicios que prestan as administracións públicas:

1. Porque permite ter unha información en tempo real.
2. Porque permitirá mellora-la participación cidadá e o acercamento da Administración ós cidadáns.
3. Porque permite a redución de custos desde o punto de vista da Administración.
4. Porque se consegue unha automatización e racionalización dos procedementos.
5. Porque se permitirá utilizar un portelo único.
6. Porque se conseguirá potencia-lo intercambio de información entre as distintas administracións.

Todas estas vantaxes pasan por garantir unha serie de condicións técnicas:

1. O acceso xeneralizado á rede, é dicir, o acceso do maior número de usuarios, co fin de evitar que se poida crear unha brecha entre os cidadáns conectados e os non conectados, que podería levar a desigualdades sociais.

Na actualidade opera un sistema no que o individuo debe adaptarse ás tecnoloxías, mais debemos cambiar este mecanismo, que sexan as tecnoloxías as que se adapten ás necesidades dos individuos. Polo tanto, facilidade de uso da tecnoloxía.

Deixando a un lado as cuestións técnicas, prodúcese unha limitación na navegación polas páxinas das administracións públicas, que son as li-

mitacións lingüísticas. Un exemplo claro é o seguinte: o Concello de Barcelona, ofrece xestións na súa páxina WEB en catalán, en castelán e en inglés; pero os trámites administrativos só se poden facer en catalán. Así deixa en dúbida o disposto no artigo 36 da Lei 30/92, que obriga que os trámites se poidan facer no idioma que solicite o interesado. Por outra banda, Galicia ofrece a información só en lingua autonómica, pero os documentos, as instancias si están en galego e en castelán.

2. Temos que garantir un acceso rápido.

3. O acceso seguro. Asegura-la confidencialidade, a integridade e a autenticidade das mensaxes que se tramitan pola Internet, e utiliza-la criptografía e a firma dixital.

Pero hai outro problema: a proliferación de enderezos na Internet. Tradicionalmente os entes administrativos viñéronse rexistrando na Internet sen se axustaren a ningún tipo de regras. Exemplos claros hainos nos concellos: ayun + nome cidade (Valencia); ayto + cidade (Sevilla); muni (Madrid); bcl (Barcelona). Co cal dificilmente poderemos ter un modelo estandarizado de enderezos. Faise necesario velar pola uniformidade dos identificadores, definir unhas regras comúns para adxudicalos enderezos das administracións públicas.

4. O plan de formación. Todo este sistema falla se non se consegue unha adecuada formación dos empregados públicos, unha formación específica e permanente.

5. Outro problema é a nova organización do traballo. A medida que se incrementa o uso da informática, aparecen novos cometidos, novas tarefas que requiren un persoal adecuado. Pero non só persoal informático.

Por outra banda, a tecnificación da Administración tamén vai comportar algúns riscos:

1. Deshumanízanse os servizos públicos. Pode aparecer unha nova resposta isto non se pode facer porque o ordenador non o permite. É dicir, si se podería recoñecer, non habería impedimentos legais, pero o programa do ordenador non o permite. Polo tanto, denegación por razóns técnicas, non xurídicas.

2. Unha certa alienación do traballo. Na medida en que un simple virus informático poida paralizar toda a Administración. Paraliza o funcionamento da Administración e en certa medida perdemos marxe de operatividade, e perdemos liberdade.

En canto ó marco xurídico que presenta a utilización da Internet nos procedementos administrativos, vén delimitado basicamente pola Lei 30/92 nos seus artigos 38 (interconexión dos rexistros); 45 (informatización dos procedementos); 59 (notificación por medios electrónicos).

Temos tamén unha serie de decretos que a desenvolven: o Decreto 263/96; o Decreto 772/99 e o Decreto lei de firma electrónica.

O relator ó final da súa intervención fixo unha reflexión: aínda temos un marco xurídico insuficiente. E non se refire ás comunidades autónomas onde é inexistente. No propio marco estatal é insuficiente. E non só na utilización das tecnoloxías nos procedementos, senón outros trámites importantes: a contratación administrativa (Lei de contratos das administracións públicas), non ten ningún artigo sobre a licitación administrativa electrónica. Non sucede o mesmo coa contratación privada, que si se prevé (Lei de condicións xerais da contratación).

Encomeza o segundo día das xornadas co relatorio de Carlos Fernández-Novoa Rodríguez, catedrático de dereito mercantil da Universidade de Santiago de Compostela, sobre o conflito entre nomes de dominio na Internet e as marcas.

Empezou dicindo o relator que os ordenadores conectados á rede mundial identifícanse a través de enderezos numéricos, números separados por puntos. Pero para facilitárlle-lo manexo destes enderezos ós usuarios da Internet eses enderezos numéricos convértense en nomes. Son os nomes de dominio. O nome de dominio é un signo denominativo que identifica un ordenador conectado á rede, que ten dúas compoñentes:

- un dominio de primeiro nivel: top level.
- un dominio secundario ou de segundo nivel.

O dominio de primeiro nivel (.com) é común a tódolos nomes de dominio que pertencen a un mesmo sector, ou a unha mesma categoría. E segundo a índole do sector ou da categoría, diferéncianse os dominios xenéricos e os territoriais ou xeográficos.

Os nomes de dominio de primeiro nivel xenéricos clásicos son **com**, **net** e **org**; identifican o ordenador conectado á rede de acordo coa información que pode subministra-lo correspondente ordenador; e os nomes de dominio de primeiro nivel territoriais son .es (España), .de (Dinamarca), identifican os ordenadores conectados á rede en atención ó territorio no que estean asentados.

Os nomes de dominio de carácter xenérico son asignados pola ICANN, corporación norteamericana de dereito privado. Os nomes de dominio territoriais son asignados en cada estado por un órgano, que pode ser de dereito público ou privado.

Os nomes de dominio entraron e entran en conflito coas marcas. O profesor tratou no seu relatorio dunha solución para os conflitos denunciados, a través do Centro de Arbitraje e Mediación da Organización Mundial da Propiedade Intelectual (OMPI), con sede en Xenebra. Centrouse nos conflitos entre as marcas, por un lado, e os nomes de

dominio xenéricos. Non falou do conflito entre as marcas e os nomes de dominio territoriais.

Os nomes de dominio xenéricos son asignados pola ICANN, que os asigna de xeito mundial (com, net e org). Aínda que se descentralizou esta función, a responsabilidade correspóndelle á ICANN. A asignación dos novos de dominio xenéricos efectúase aplicando dous principios moi rudimentarios:

1. principio first come, first served. Este principio recorda bastante o noso vello aforismo «prior tempore, potior iure». O que chega antes, obtén o rexistro.

2. principio de que dentro dun mesmo sector de nome de dominio xenérico, non poden coexistir dous nomes de dominio idénticos de segundo nivel.

Solicítase o rexistro dun nome de dominio constituído por unha marca, solicitude feita polo polo propio titular da marca, e este comproba moi frecuentemente que un terceiro se lle adiantou ó obte-lo rexistro do nome de dominio coincidente coa marca. Se isto ocorre, o titular da marca, ás veces ten que lle pagar ó titular do nome de dominio unha suma elevada co fin de que lle ceda o nome de dominio coincidente coa súa marca. Prodúcense moitos abusos («cybersquatting»).

A ICANN estableceu a «Política uniforme de solución de controversias en materia de nomes de dominio», aprobada en agosto de 1999, para resolve-los conflitos entre unha marca e un nome de dominio. Neste sistema de solución de controversias a ICANN non actúa como mediador, senón que lles encomendou esta función a certas entidades:

- Ó Centro de Arbitraje e Mediación da Organización da Propiedade Intelectual (con sede en Xenebra),
- A unha entidade norteamericana, National Arbitration Forum (NAF, con sede en Minneapolis),
- Unha entidade canadense, Disputes Orgle Resolution Consortium (DEC, domiciliada en Montreal),
- Outra entidade norteamericana, CPR Institute for Dispute Resolution (CPR, con sede en Nova York).

O procedemento que se contempla na Política Uniforme mostrouse coma un mecanismo bastante eficaz para sancionar certos casos de piratería ou cybersquatting. A eficacia do procedemento ten a súa principal razón de ser na circunstancia de que o titular rexistral dun nome de dominio xenérico sométese expresamente, no momento de efectua-lo contrato de rexistro, ó procedemento arbitral. Deste modo, os titulares de marcas coincidentes cos nomes de dominio teñen aberta a porta para presentar unha demanda nunha organización competente contra o titu-

lar do nome de dominio. Pode facelo tanto se se trata do titular dun nome de dominio rexistrado con posterioridade a decembro de 1999, coma se se rexistrara con anterioridade. Esta tese, a de que tódolos titulares de nomes de dominio com, net e org están sometidos ó procedemento de arbitraje, foi mantida reiteradamente, por exemplo pola OMPI (caso Seur).

Este procedemento previsto pola Política Uniforme é bastante áxil, rápido e barato. O fallo do panelista adoita emitirse nun prazo de dous meses contados a partir da presentación da demanda. Aplícase na resolución dos conflitos un regulamento de outubro de 1999. O procedemento iníciase coa presentación da demanda por parte do titular da marca, que ten que ser contestada polo demandado dentro dos 20 días naturais contados a partir da notificación da demanda. A lingua do procedemento é en principio a lingua do acordo do rexistro, normalmente o inglés, xa que estamos ante nomes de dominio xenéricos, ó menos que as partes decidan o contrario, e o panelista designa outra lingua tendo en conta as circunstancias do caso. Por outro lado, non é obrigatoria a intervención do avogado, pero na práctica é frecuente, para defender sobre todo o titular da marca.

En primeiro lugar, o parágrafo 4, letra a) da Política Uniforme establece os extremos que debe probalo demandante, titular da marca, para que a súa petición teña éxito:

1. Que o demandado posúe un nome de dominio idéntico ou similar, ata o punto de crear confusión con respecto a unha marca de produtos ou servicios, sobre a que o demandante ten dereitos.
2. Que o demandado non ten dereitos ou intereses lexítimos respecto ó nome de dominio.
3. Que o demandado posúe un nome de dominio que foi rexistrado e se utiliza de mala fe.

A interpretación destas normas contidas no parágrafo 4, letra a) presenta diversos problemas:

1. O demandante ten que probar que o demandado é titular dun nome de dominio confundible coa marca do demandante:

Suscitouse a cuestión de se o demandante pode apoiarse non só na marca rexistrada, senón tamén nos dereitos sobre un signo meramente usado e incluso no dereito sobre o propio nome. Esta cuestión, a posibilidade de invocalo propio nome como fundamento da demanda, foi abordado na Resolución do Centro de Arbitraje e Mediación da OMPI do 22 de maio de 2000.

2. O demandante ten que probar que o demandado non ten dereitos ou intereses respecto ó nome de dominio do que é titular.

Impónselle ó demandante a carga de probar este requisito. Pero na práctica véñse mantendo que en realidade é o demandado o que ten que probar que posúe dereitos e intereses lexítimos sobre o nome de dominio do que é formalmente titular. En apoio desta tese, adúcese o disposto no parágrafo 4, c) da Política Uniforme que obriga o demandado a demostra-la existencia de dereitos e intereses lexítimos sobre o seu nome de dominio. Alégase tamén que a circunstancia de que o demandado non ten dereitos e intereses lexítimos sobre o nome de dominio é un feito negativo, que concirne á esfera xurídica do demandado e parece máis equitativo que sexa o demandado o que asuma a carga de proba-la existencia de tales dereitos e intereses lexítimos.

3. O demandante ten que probar que o demandado posúe un nome de dominio que foi rexistrado e que se utiliza de mala fe.

O parágrafo 4, letra b) da Política Uniforme enumera certas circunstancias que constitúen indicios de que o demandado rexistrou e utiliza de mala fe o nome de dominio:

- Que o demandado rexistrou o nome de dominio ou adquiriuno co fin de lle vender, alugar ou ceder doutra maneira o rexistro do nome de dominio ó demandante, por un prezo que supera os custos diversos documentados que están relacionados directamente co nome de dominio.
- Que o demandado rexistrou o nome de dominio a fin de impedir que o titular da marca de produtos ou de servicios reflecta a súa marca nun nome de dominio.
- Que o demandado rexistrou o nome de dominio co fin de perturba-la actividade comercial dun competidor.
- Que ó utiliza-lo nome de dominio o demandado intentou de maneira intencionada atraer con ánimo de lucro os usuarios da Internet, creando a posibilidade de que exista confusión coa marca do demandante, en canto á fonte, patrocinio, afiliación ou produción.

Este conxunto de indicios foi desenvolvido e interpretado pola pequena xurisprudencia emanada do Centro de Arbitraje e Mediación da OMPI.

Relatou despois o profesor dous casos relativos a marcas españolas que foron resoltos polo Centro de Mediación e Arbitraje da OMPI: caso URALITA, resolto pola Resolución do 12 de maio de 2000; caso ANTENA 3, resolto pola Resolución do 20 de outubro de 2000.

Naturalmente, no procedemento de arbitraje, o demandado ten a ocasión de contesta-las alegacións do demandante. Esta contestación (parágrafo 4, letra c) da Política Uniforme) ten que centrarse en que o demandado posúe dereitos e intereses lexítimos que xustifican a súa ti-

tularidade do nome de dominio controvertido. Na inmensa maioría dos casos, o demandado é condenado a lle transferir ó demandante o nome de dominio controvertido.

O profesor resaltou a inseguridade xurídica da rede e apostou por establecer un progresivo réxime internacional sobre os rexistros xenéricos. Para el a clave está en que os EEUU cedan o monopolio que posúen.

O derradeiro relatorio estivo a cargo de Fernando Gomá Lanzón, notario de Navalmoral de la Mata, e delegado de Informática do Consello Xeral do Notariado, co relatorio sobre aspectos notariais do contrato electrónico. En resumo, analizou o contrato electrónico e a incidencia na súa profesión.

O relator explicou os dous sistemas xurídicos que existen no mundo para os efectos documentais: sistema latino e sistema anglosaxón. Ámbolos dous comparten un principio xeral: a liberdade de forma, é dicir, non existe con carácter estricto que o negocio observe unhas formalidades para que produza os seus efectos. Pero tamén existen unhas diferencias entre os dous sistemas:

Sistema latino: é un sistema que parte do dereito romano. O seu ámbito inicial foron aqueles países romanizados. Parte dun principio de liberdade de forma documental. Pero limíttaa por necesidade de seguridade xurídica. É necesario premiar con efectos privilexiados certos tipos de proba, porque fan que o negocio sexa máis seguro, que haxa máis seguridade. E entre eles está o documento público. O notario é un produto típico do sistema latino:

- Autoriza documentos públicos. Asesora e fai que as partes sexan informadas do que lles interesa.
- Controla a legalidade do documento. Controla que o negocio estea dentro da lei. Controlan que as partes asinen, cando o poden facer, teñen capacidade e lexitimación.

Sistema anglosaxón: o seu ámbito de actuación céntrase nos países anglosaxóns (Gran Bretaña, os EEUU, Common Wealth). Establece un principio de liberdade de forma, moi ampla. Non hai documento público. O tráfico descansa no documento privado, e a xurisprudencia incluso por razóns de equidade admite o pacto verbal. Non hai requisitos formais, e polo tanto existe máis inseguridade. No tráfico inmobiliario impera o «seguro de títulos». Consiste en que como o adquirente non ten a completa seguridade de que o negocio se vaia producir con tódolos seus efectos, entóns contrata un seguro, e no caso de que non reciba o inmovible, unha compañía de seguros pagaralle unha cantidade. Non existe a figura do notario. Pero si que existe unha figura chamada notarie public. É un termo anglosaxón pero con termo latino. Pero non

é un notario, non crea documentos públicos. É un lexitimador de sinaturas. Non asesora, non controla a lexitimidade.

O sistema anglosaxón, que carece de documento público e de proba privilexiada é máis conflictivo xurisdiccionalmente. Pero é máis eficaz no sentido de que é máis flexible. É máis rápido.

Cando aparece o comercio electrónico, estes dous sistemas teñen que enfrontarse a el. O principal problema do comercio electrónico é a inseguridade, a falta de confianza:

- Falta de privacidade, a imposibilidade de saber se están mirando o que fas.
- Dificultade de saber se a persoa que está ó outro lado, é quen di ser.
- Inseguridade á hora de se o que recibes é o que enviaron, ou é outra cousa.

Preguntouse o relator acerca da misión que ten un notario neste panorama. O notario é un xurista latino, a súa misión é a de defender e propoñer principios latinos fronte á invasión anglosaxona. Debe potencia-la eficacia dos contratos. Pode e debe empeñarse en facer no mundo da transacción electrónica un lugar á medida do cidadán, e non ó revés, que o cidadán estea á medida do comercio electrónico.

O notario cre que «hai que enfrontarse á tecnoloxía, porque é fría e imparcial». Os xuristas non lle deben volvelas costas á tecnoloxía amparándose en principios humanistas. Teñen que entrar nela.

Despois citou unha serie de exemplos sobre problemas que existen na realidade, e como se solucionarían desde o sistema latino e desde o anglosaxón: cómo se demostra que envíei unha carta por e-mail, tal día e a tal hora. No sistema anglosaxón faríase un programa de ordenador que determinase que eso é así e que ademais non é manipulable. No sistema latino, iríamos ó notario e que sería este quen enviase o correo electrónico. Ninguén dubidará da súa certeza.

Outra función do notario é a de creador de dereito. Ó ter un contacto diario coa sociedade e como esta ten as súas necesidades, fai que se acaben facendo instrucións, mecanismos e negocios xurídicos para ela. Así, a sociedade limitada, a propiedade horizontal, a hipoteca en garantía de letras de cambio son creacións notariais. Isto no comercio electrónico tamén é posible.

A clausura destas xornadas correspondeulle ó director da EGAP, quen despois de destacar que a Xunta é pioneira na Administración electrónica coa prestación de servizos avanzados ó cidadán, e que «a Internet permite aforrar trámites e bríndalles ós usuarios a posibilidade de realizar xestións desde un simple ordenador», agradeceu no nome das dúas institucións a presenza do público asistente ás xornadas e tamén a intervención de tan prestixiosos relatores. Anunciou, asemade, que para o próximo século in-

tensificarían esta fructífera colaboración continuando de maneira máis intensa e realizando actividades que son de interese mutuo, e que entende que poden beneficia-la mellor formación dos notarios e dos funcionarios ó servizo da Administración pública de Galicia. 